

WILSON TEMEROSO: AQUELA MANSIÓN

Non me corresponde para nada coller esta pluma nas miñas mans trementes, afundir a súa punta máis delicada (que tantos momentos de alegría e desesperación me deu) nunha botella de tinta e comezar a escribir estas liñas, debilmente iluminadas baixo o frío resplandor da miña loucura incontrolable.

Que o lector ou a lectora se permita atribuírme o nome de **Wilson Temeroso**.

Merquei esa mansión un frío 4 de decembro para satisfacer os infinitos desexos dos meus dous fillos, Morgan e Clift. Dende o principio souben que había algo naquel lugar. As notas dun valse que percorrían a casa vagamente perdidas e as múltiples aparicións daquelas ricas damas que murmuraban fragmentos inconexos da misa de réquiem eran elementos inconfundibles que delataban os escuros segredos que a mansión me ocultaba a min e á miña familia.

Un día espertei e era media noite. Aqueles **ollos** amarelados que miraban expectantes para o meu corpo suado apareceron de súpeto no mesmo marco da porta e entón souben que alí estaba a morte, gadaña en man, tentando volver ao inferno, alegre, cun par de insignificantes corpos sen vida no ombreiro...

Noah Muñoz

A NOTA

Case eran as doce. Sentín un calafrío percorréndome as costas, tiña medo, as bágoas saían cada vez máis seguidas dos meus ollos, e a angustia que sentía con cada minuto que pasaba facíase máis forte. Aquela nota mantívome sen pegar ollo toda a noite. Canto máis pensaba nela, máis tremía e o valor para afrontar a situación abandonaba cada vez máis rápido ao meu corpo. Quedaba un minuto para as doce, e tal como dicía a nota, a esa hora en punto a miña vida daría un último suspiro e sería o meu fin. De súpeto, as campás comezaron a soar, escoitei a porta abrirse e cando ía ver quen era, sentín a punta dun coitelo atravesarme o peito dun só golpe. Caín ao chan, o sangue saía sen parar da ferida, a cabeza dábame voltas, e tiña claro que nuns segundos estaría morta. Mirei cara á porta e alí estaba el, o meu asasino, pero cando lle ía ver a cara, espertei de súpeto e descubrín que todo fora un soño, ata que atopei ao meu carón unha nota coa mesma mensaxe e deime conta que quizais aquel soño era só un aviso do que estaba por acontecer.

Noelia Carollo Abelaira